



Resumo e Consideracións



1.- Panorama económico

Contexto económico xeral

O PIB real da economía mundial, segundo os datos proporcionados polo FMI, medra no ano 2014 a taxas do 3,4% interanual. Un crecemento moderado que agocha grandes desigualdades entre as distintas economías, tanto no grupo de grandes economías como nas economías de mercados emerxentes.

As economías avanzadas afianzan o seu crecemento en taxas moderadas, en torno ao 1,8%, crecemento que se fundamenta na vigorosa recuperación dos EEUU, na fráxil recuperación da zona euro e na contracción da economía xaponesa. A economía dos EEUU medra a taxas do 2,4%, impulsada polo crecemento do consumo, favorecido pola creación de emprego e pola redución no prezo do petróleo.

O desenvolvemento das economías emerxentes modérase, situándose no ano 2014 no 4,6%, catro décimas menos que no ano anterior. A actividade nos mercados emerxentes de Asia e Pacífico segue sendo a de

maior crecemento a nivel mundial, pero desacelera levemente o seu crecemento; en concreto a economía chinesa medra a taxas do 7,4%, fronte ás taxas superiores ao 9% do ano 2011.

A redución dos prezos do petróleo lastra o crecemento dos países exportadores, en especial, dos países exportadores de América Latina e Caribe

Zona euro

No ano 2014, as favorables condicións financeiras e os baixos prezos do petróleo repercuten nun lixeiro dinamismo positivo na zona euro, que presenta un crecemento do 0,9%, ameazado, sen embargo, polo riscos derivados da persistencia de niveis de inflación reducidos.

Tal como acontece coa desigualdade do crecemento nas economías avanzadas, dentro da zona euro, a atonía da actividade de grandes economías como Francia (0,4%) ou Italia (-0,4%) contrasta co impulso do in-



vestimento que activa o crecemento en Alemaña (1,6%), Irlanda (4,8%) ou España (1,4%).

Rompendo a tendencia de anos anteriores, no 2014 prodúcese un incremento en termos interanuais da demanda interna real (0,8%), motivado por un maior consumo privado e por un crecemento en torno ao 1% da formación bruta de capital fixo.

Un dos riscos para o crecemento da zona euro é a persistencia das taxas de inflación reducidas. O segundo gran risco é a moderación na redución das taxas de desemprego que, no conxunto da euro zona, se sitúan no 11,6%, máis de catro puntos por riba da media do conxunto das economías avanzadas. Dentro da eurozona salientan as taxas de paro de Grecia (26,5%) e España (24,5%).

A economía española

No ano 2014, as variables macroeconómicas mostran indicios de recuperación, rexistrándose no cuarto trimestre a taxa de variación interanual do PIB máis elevada dende o segundo trimestre do ano 2008. Así mesmo, o PIB presenta crecemento nos catro trimestres do ano.

No conxunto do ano 2014 a actividade produtiva medrou un 1,4%, fronte á contracción do 1,2% do ano anterior, rexistrándose un crecemento da ocupación estimada pola EPA (1,2%) e unha redución do número de persoas paradas (-7,3%).

A recuperación do PIB real ven explicada polo comportamento da demanda interna, que aporta 2,2 puntos ao crecemento agregado do PIB, mentres que, por primeira vez en sete anos, a demanda externa contribúe negativamente á demanda agregada, de-
traendo 0,8 puntos ao crecemento do PIB.

O impulso da demanda interna é consecuencia do forte crecemento do gasto en consumo final dos fogares (2,4% máis que no ano anterior) e da formación bruta de capital fixo (FBCF).

A FBCF rexistrou no ano 2014 un crecemento importante, do 3,4%, máis salientable aínda cando no ano 2013 sufrira un descenso do 3,8%. A vigorosa recuperación da FBCF explícase fundamentalmente pola positiva evolución dos activos fixos materiais, en concreto dos bens de equipo de activos cultivados, que se incrementa nun 12,2% no último ano.

Dende o punto de vista da oferta, a industria, a construción e os servizos presentan no ano 2014 un mellor comportamento que no exercicio anterior, mentres que as ramas primarias rexistran taxas de crecemento, aínda que positivas, moito menores que as do 2013.

A evidente melloría nos datos macroeconómicos da economía española, reflectida no retorno a taxas de variación positivas do PIB real, reduce pero non elimina os riscos derivados dos desequilibrios que persisten na economía. Así, os elevados niveis de débeda interna e externa supoñen un risco para o crecemento e a estabilidade financeira, xunto á persistencia de alarmantes niveis de desemprego.

A mellora dos datos macroeconómicos ao longo do ano 2014 pon de manifesto un cambio de tendencia que debe ser apoiado dende os poderes públicos, para acadar a súa consolidación e así mesmo para corrixir os desequilibrios que persisten na nosa economía, como a aínda débil actividade dos sectores, o elevado endebedamento e as persistentes taxas de desemprego.





A economía galega

A economía galega no ano 2014, tal como acontece a nivel estatal, mostra signos de recuperación. Por primeira vez dende o ano 2010, o PIB real da economía galega presenta unha taxa de variación positiva, medrando no ano 2014 un 0,4% en relación ao ano anterior. O cambio de signo na evolución da actividade é importante aínda que moito máis reducido que o acaecido no conxunto do Estado (1,4%).

Tamén de xeito semellante ao que acontece a nivel estatal, a actividade económica en Galicia medra nos catro trimestres do ano, pero, a diferenza do Estado, o leve crecemento galego non consegue impulsar a creación de emprego neto, reducíndose a poboación ocupada, aínda que tamén se reduce, por primeira vez dende o comezo da crise económica, o número de persoas desempregadas.

● Agregados de demanda

O ano 2014 supón a ruptura coa tendencia observada dende o ano 2008, de achegas positivas ao crecemento por parte da demanda externa e achegas negativas da demanda interna. No ano 2014 o crecemento do 0,4% do PIB real fundaméntase nunha contribución positiva da demanda interna de 0,7 puntos e nunha contracción da demanda externa de 0,3 puntos.

O gasto en consumo final en Galicia, por primeira vez dende o ano 2008, aumenta un 0,5% en relación ao ano anterior, como consecuencia tanto do incremento no consumo final dos fogares (0,5%), como polo crecemento do 0,6% do gasto en consumo das Administracións Públicas.

A evolución do investimento, medido a través da formación bruta de capital fixo, mostra un crecemento do 1,3%, dato positivo pero que revela un crecemento máis

moderado que na media do Estado (3,4%).

A licitación oficial pública, segundo data de anuncio, rexistrou no ano 2014 en Galicia un repunte do 36%, por mor do crecemento da licitación da Administración Xeral do Estado (56%) e da Administración local (43%).

O sector exterior contribúe negativamente ao crecemento do PIB, detraendo tres décimas ao dito crecemento, fronte ás oito décimas que detrae a nivel estatal. No ano 2014 prodúcese unha forte moderación no crecemento tanto das exportacións como das importacións de bens e servizos, pasando de taxas de variación do 11,6% e do 9%, respectivamente, ao 1,2% e 1,7% de variación no ano 2014.

● Agregados de oferta

A nivel agregado, no ano 2014 o sector servizos, a construción e as ramas do sector primario presentan un mellor comportamento que no exercicio anterior, mentres que a industria, fronte ao incremento do ano 2013, no ano 2014 rexistra taxas de crecemento negativas.

O sector servizos presenta unha taxa de variación de seu valor engadido do 1,5% no ano 2014, fronte ao descenso do 1,3% do ano anterior. Así mesmo, a construción modera o seu descenso, cunha contracción do 1,7% do seu VEB, a menor dende o ano 2009.

Fronte ao crecemento das ramas industriais no conxunto do Estado (1,5%), o valor engadido bruto xerado polo conxunto das actividades industriais en Galicia caeu un 2,5%, presentando taxas de variación negativas nos catro trimestres do ano.



A consolidación do crecemento económico e a reactivación da actividade en determinados sectores está intimamente relacionada coas posibilidades de acceso ao crédito. A adopción de medidas monetarias expansivas convencionais e non convencionais, por parte do Banco Central Europeo, deberían traducirse nunha expansión do crédito.

Distribución da renda

No ano 2014, por primeira vez dende o comezo da crise económica, se incrementa a remuneración dos empregadores aos seus asalariados, un 0,3% en relación ao ano anterior. No conxunto do Estado a remuneración dos asalariados se incrementa un 1,3%.

A participación dos asalariados na renda acada o 44,7% no 2014, dúas décimas máis que en 2013, fronte ao descenso de tres décimas no peso sobre o PIB dos beneficios, en termos de excedente bruto de explotación/rendas mixtas, acadando o 45,1%, e o incremento nunha décima do peso dos Impostos netos sobre a produción e importacións (10,2%).

A redución continuada no período 2008-2014, agás no último ano, do peso da remuneración dos asalariados e o crecemento continuo do peso dos excedentes brutos de explotación provocan que o peso sobre o PIB das remuneracións salariais siga sendo no ano 2014 menor que o dos excedentes de explotación.

O aumento salarial medio pactado en Galicia, segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, experimentou unha medra do 0,99%, tres décimas superior ao rexistrado no ano anterior.

A pesar da estabilidade en Galicia no ano 2014 fronte ao descenso en torno ao 1,3%

no conxunto do Estado, o custo laboral por traballador e mes en Galicia é un 10,8% inferior á media estatal. O devandito custo ascendeu ata os 2.261,4 euros, fronte aos 2.536 euros de media en España. O custo por hora en Galicia acada os 17 euros (17,2 euros no ano 2013), fronte aos 19,65 euros por hora de media no Estado.

No ano 2014 Galicia é a cuarta Comunidade Autónoma cun custo laboral total por traballador máis reducido, tras Extremadura, Canarias e Valencia.

Inflación e prezos

A taxa media de variación interanual do IPC en Galicia no ano 2014 sitúase no seu nivel máis baixo dende 2002 (base 2001=100), agás a rexistrada no ano 2009, de xeito que a partir do mes de xullo as taxas pasan a ser negativas. A taxa de variación interanual en decembro de 2014 en Galicia e en España foi do -1%, fronte ao -0,1% da zona euro.

Os produtos máis deflacionistas, tanto en Galicia como en España, son os integrados nos grupos de comunicación e transporte. Pola contra, a taxa de variación media anual é positiva na educación e hoteis, cafés e restaurantes, entre outros.

A baixada nos prezos do petróleo favorece o actual contexto deflacionista, presentándose incluso taxas de variación negativa da inflación subxacente nos meses de xaneiro, xullo e decembro. As políticas monetarias expansivas deben tratar de paliar os riscos derivados do mantemento de situacións prolongadas de baixa inflación.

O Índice de Prezos Industriais (IPRI) descende en Galicia un 3,9% (tres décimas máis que no conxunto do Estado), como consecuencia fundamentalmente do impacto dos bens enerxéticos, cun descenso do 19,8% en taxa interanual. Os bens intermedios e de consumo duradeiro son os únicos





que presentan taxas de variación positivas aínda que moi moderadas (0,2% e 0,3% respectivamente), manténdose constante o índice no caso dos bens de equipamento.

Marco orzamentario e recadación tributaria

A elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015 baséase na previsión dun escenario macroeconómico caracterizado pola recuperación do sector industrial e do sector exterior, que compense o peor comportamento esperado da demanda interna. Os ingresos previstos están afectados polas modificacións tributarias e os gastos estimados priorízanse atendendo ao Plan Estratéxico de Galicia, en coherencia cos obxectivos de emprego, I+D, emisións de carbono e abandono escolar da UE 2020.

A profundidade da crise económica e os seus graves efectos sobre a realidade social e económica teñen como consecuencia que os obxectivos a acadar polas políticas instrumentadas poidan quedar obsoletos ou, nalgúns casos, inalcanzables.

A operatividade dos plans e estratexias debe basearse en obxectivos revisables, motivadores e adaptados ás posibilidades reais de acada-los.

O gasto non financeiro consolidado da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015 ascende a 8.381 millóns de euros, un 0,5% máis que no ano anterior. Os ingresos totais consignados ascenden a 9.790 millóns de euros, dos que 8.076 millóns son ingresos non financeiros.

A necesidade de financiamento dos orzamentos no 2015 é de 359 millóns de euros, acadando o 0,7% do PIB. A débeda acumulada no ano 2014 en Galicia ascendeu, segundo os datos de avance do Banco de España, a 9.961 millóns de euros, o 4,2% da débeda total española. Galicia incre-

menta un 8,1% a súa débeda acumulada en relación ao ano anterior, fronte ao incremento medio estatal, que foi do 12,9%. O endebedamento por habitante medrou en relación ao ano anterior ata acadar os 3.625 euros, moi por debaixo da media estatal, que é de 5.090 euros por habitante.

Dende un punto de vista funcional, a porcentaxe que representan as funcións relativas a Sanidade, Educación e Acción Social e Promoción Social é do 62% do orzamento de gastos. No ano 2015, en relación ao ano anterior, establécense incrementos do 1% en Protección e Promoción Social, do 0,3% en Sanidade e do 0,1% en Educación, o que supón un incremento conxunto en torno a 19 millóns de euros. No extremo contrario, a dotación na función "Débeda Pública" redúcese un 26,8% en relación ao ano 2014, o que supón 556 millóns de euros menos.

O CES entende que as medidas para mellorar a eficiencia nos servizos públicos non deben colisionar coas condicións de traballo do persoal do sector público.

Galicia é a segunda Comunidade Autónoma que no ano 2015 menos incrementa as partidas para Sanidade e Protección e Promoción social, e a terceira con menor incremento na partida de Educación.

Dende o CES enténdese necesario reclamar máis atención orzamentaria ás partidas de Sanidade, Educación e Protección e Promoción Social.

As modificacións no ámbito tributario que introduce a Lei de acompañamento do orzamento afectan as deducións do IRPF e modifica o tipo autonómico de devolución de gasóleo de uso profesional do Imposto sobre Hidrocarburos. En relación aos tributos propios, a dita lei modifica o Imposto sobre contaminación atmosférica e crea o Imposto compensatorio ambiental mineiro.



As modificacións tributarias e a melloría económica prevista avalan a estimación dun incremento do 4,8% nos ingresos non financeiros. En concreto, estímase un crecemento dos ingresos correntes dun 4%, 287 millóns de euros máis, así como un incremento do 7%, en torno a 34 millóns de euros, dos ingresos de capital, como consecuencia do comportamento das transferencias de capital, polo incremento do aporte FEDER que compensa os menores ingresos por IFOP/FEP.

Evolución demográfica

A poboación residente en Galicia no ano 2014 é un 0,5% menor á do ano 2013, unha caída de poboación que, por primeira vez, afecta ás catro provincias galegas. Por tanto, a negativa evolución demográfica galega mantén no ano 2014 a mesma tendencia que en anos anteriores, acrecentando os problemas de despoboamento e avellentamento e cunha capacidade de recuperación demográfica cada vez menor.

A inercia demográfica galega necesita, para cambiar a súa tendencia, dun crecemento económico sostible, duradeiro e xerador de emprego, con atención especial ás áreas estratéxicas, asentado sobre políticas activas de conciliación familiar.

A perda de case 15.000 habitantes en Galicia no último ano afecta tanto a homes como a mulleres e, tal como se cita anteriormente, ás catro provincias, e a cinco das sete grandes cidades galegas, todas agás Santiago e Pontevedra, con leves incrementos. A cidade de Ferrol é a que presenta no período 2008-2014 a maior perda de poboación, cun 5,8% menos, case 4.300 persoas menos.

As perdas de poboación en Galicia a partir do ano 2011, xunto á existencia dun saldo vexetativo marcadamente negativo, deter-

minan a existencia dunha poboación cunha elevada idade media e con índices reducidos de xente nova. A idade media en Galicia no ano 2014 é de 45,7 anos, fronte aos 41,8 anos de media no Estado. Só o 12% da poboación residente en Galicia no ano 2014 ten menos de 15 anos, unha poboación que ten un maior peso porcentual nos concellos circundantes ás grandes cidades.

A perda de poboación en Galicia concéntrase, dende o ano 2008, no grupo de idades comprendidas entre 15 e 39 anos, con case 125 mil persoas menos. Así, o saldo vexetativo negativo e as saídas de poboación reducen o grupo de poboación con maiores taxas de fecundidade, o que contribúe a perpetuar o "inverno demográfico" galego. Fronte á evolución do grupo de poboación de 15 a 39 anos, os maiores de 65 anos son un 8,7% máis no ano 2014 que en 2008.

O descenso de case 15 mil persoas residentes en Galicia no ano 2014 ven explicado tanto pola existencia de 5.692 persoas con nacionalidade española menos como, fundamentalmente, polos 9.000 residentes estranxeiros menos en relación ao ano anterior.

No que respecta ao saldo migratorio, os datos do primeiro semestre do ano 2014, sinalan que entran en Galicia 6.564 persoas de nacionalidade española e 4.193 de nacionalidade estranxeira. Doutra banda, das 4.865 persoas que no primeiro semestre do ano saen cara a terceiros países, 2.530 tiñan nacionalidade española.

Xunto á existencia dun saldo migratorio negativo, Galicia presenta no ano 2013 o saldo vexetativo negativo máis elevado de todas as Comunidades Autónomas, con 6.000 defuncións máis que nacementos. No primeiro semestre do ano 2014 o número de nacementos foi de 9.750 e o de defuncións 15.888, tendencia que perpetúa a proceso de recesión demográfica. 





2.- Mercado de traballo e relacións laborais

Panorama xeral do mercado de traballo en Galicia

A moderada recuperación da actividade económica en Galicia no ano 2014 non impulsa a creación de emprego neto, a diferenza do que acontece a nivel estatal. O mercado de traballo galego presenta no último ano un descenso na poboación activa e ocupada e, por primeira vez dende o comezo da crise económica, unha redución no número de persoas desempregadas. Dita redución representa un cambio de signo na evolución do desemprego. O descenso do desemprego foi en Galicia do 3,1%, fronte ao descenso do 7,3% de media no Estado.

O crecemento da actividade económica, reflectido en taxas de variación do PIB real do 0,4%, deriva no primeiro incremento no número de afiliados á Seguridade Social dende o ano 2008. No ano 2014 á afiliación á SS en Galicia medra un 0,5% en relación ao ano anterior, sendo este incremento do 1,6% de media no Estado.

O número de **afiliados en alta na Seguridade Social** en Galicia no ano 2014 ascendeu a 921.800 persoas, 4.400 máis que no ano anterior. A nivel sectorial, o incremento no número de afiliados prodúcese exclusivamente no sector servizos, con 9.300 afiliados máis, fronte á redución na afiliación no sector industrial, 2.200 afiliados menos, no sector primario, 1.000 afiliados menos, e na construción, con 570 afiliados menos.

Dende o comezo da crise económica, o número medio de afiliados á Seguridade Social redúcese en Galicia en máis de 150.000 persoas e a ocupación estimada cae en torno aos 200.000 ocupados. Xunto a esta caída do emprego, o paro rexistrado incrementábase dende o ano 2008 en torno ás 95.000 persoas e o paro estimado pola EPA presenta unha medra de 162.000 persoas entre os anos 2008 e 2014.

A melloría experimentada no mercado laboral galego no último ano, en termos de afiliación e de redución do desemprego, ven acompañada de menores niveis de em-

prego, de menor poboación activa e da persistencia de elevadas taxas de desemprego, en especial de moi longa duración.

No ano 2014, novamente descende o volume de **poboación activa** en Galicia, situándose en 1.273.900 persoas, un 1,3% menos que no ano anterior (case 17.000 activos menos), sendo este descenso tres décimas superior á media española. O descenso da poboación activa en Galicia, tanto ocupada como parada, está directamente relacionado coa perda de poboación. Así, neste último ano, a poboación maior de 16 anos descende en máis de trece mil persoas, un descenso que é consecuencia da evolución demográfica e tamén das saídas de poboación ao estranxeiro, que no primeiro semestre do ano 2014 foron de case 4.000 persoas con idades entre 15 e 64 anos.

A dita caída da poboación activa estimada no ano 2014 explícase, fundamentalmente, polo descenso da poboación activa masculina de nacionalidade española, con 15.100 activos menos, o que supón o 84% do descenso total. O 16% restante corresponde ao descenso da poboación activa feminina de nacionalidade estranxeira.

No período 2008-2014 a poboación activa en Galicia redúcese en 41.000 persoas, rexistrándose este descenso tan só para a poboación masculina, con 56.700 activos menos, fronte ao incremento de case 16.000 mulleres activas no dito período.

En Galicia a caída na poboación activa afectou fundamentalmente á poboación con idades comprendidas entre 20 e 39 anos, con 25.400 activos menos no ano 2014 en relación ao ano anterior.

A evolución sufrida pola poboación activa en Galicia e España no período 2008-2014 é dispar. A redución do volume de poboación activa é moito máis acusada en Galicia

(-3,1%) que na media do Estado (-0,5%), con maiores descensoes en Galicia da poboación activa masculina e menores incrementos da poboación activa feminina. Por nacionalidades, en España no dito período, a poboación activa con nacionalidade española incrementábase nun 2,6%, fronte ao descenso da poboación activa con nacionalidade estranxeira (-18,1%). En Galicia, a poboación activa con nacionalidade española cae un 3,1% e a que posúe nacionalidade estranxeira tamén se reduce nun 4,4%.

O CES insta á adopción de medidas para superar a progresiva perda de poboación activa dos últimos anos en Galicia, así como para corrixir a preocupante situación na que se encontra a mocidade galega, en particular, as situacións de desvinculación do mercado laboral.

O emprego

Os datos do ano 2014 denotan as dificultades da economía galega para crear emprego, con incrementos no número de afiliados á Seguridade Social e con caídas da poboación activa e da poboación ocupada, que se sitúa nas 998 mil persoas, un 0,8% menos que no ano anterior.

A **poboación ocupada** estimada en Galicia no ano 2014, por primeira vez na serie histórica, baixa do millón de persoas, con 8.400 ocupados menos que no ano 2013. Fronte á evolución negativa en Galicia, no conxunto do Estado a poboación ocupada estimada medra un 1,2%. Galicia, xunto con Madrid, País Vasco e Castela-A Mancha, son as únicas Comunidades Autónomas onde, no último ano, descende a ocupación.

O descenso no emprego no ano 2014 rexístrase tanto na poboación masculina como na feminina, con 6.300 e 2.100 persoas ocupadas menos, das que 1.000 tiñan nacionalidade estranxeira.



A diferenza do ano anterior, cando o descenso da ocupación produciuse de xeito xeneralizado en todos os grupos de idade, no ano 2014 as perdas de ocupación concéntranse nas persoas entre 25 e 34 anos, con 11.200 ocupados menos, fronte ao incremento en 3.500 ocupados entre 45 e 54 anos, ou o incremento de 1.600 ocupados de máis de 55 anos, onde as 3.300 mulleres ocupadas máis compensa a perda de 1.700 homes ocupados de máis de 55 anos.

A nivel sectorial, a ocupación na agricultura e na construción descende en Galicia no ano 2014, fronte ao incremento na industria e no sector servizos. Os incrementos na ocupación nos ditos sectores son reducidos, de menos de medio punto porcentual, e menores tamén aos incrementos de ocupación que se producen nos ditos sectores de media no Estado. O sector primario galego no ano 2014 perde 8.300 persoas ocupadas, un 11%, o que contrasta coa estabilidade na ocupación do sector a nivel estatal. O sector da construción reduce tamén o seu número de ocupados, aínda que modera de xeito significativo a caída, pasando de taxas de descenso próximas ao 13% no ano 2013 ata o 3,1% de perda no ano 2014.

O comportamento do sector industrial reflicte un descenso do seu valor engadido bruto no ano 2014, a pesar do que a poboación ocupada estimada se incrementa levemente (700 ocupados máis). Especialmente importante é a evolución no sector servizos, onde, por primeira vez dende o ano 2008, se incrementa en 1.300 o número de persoas ocupadas. O incremento de ocupados en Galicia no sector servizos foi do 0,2%, inferior ao incremento medio estatal (1,7%).

No que respecta á evolución do emprego en función da situación profesional, os empresarios sen asalariados perden un 8,3% dos seus ocupados, 13.000 ocupados menos, dos que 8.000 son mulleres. Neste senso, a evolución dos traballadores por conta propia

ten especial importancia en Galicia, onde a porcentaxe de empresarios sen asalariados é das máis elevadas do Estado. O número de persoas asalariadas increméntase no ano 2014, un 0,5%, a causa do incremento dos asalariados no sector público (5.900 asalariados máis) que compensa a redución no número de asalariados privados (1.700 menos).

Os cambios nas relacións no emprego, cun menor peso do sector asalariado, orixinan grandes retos para os gobernos de cara a deseñar políticas que freeen as desigualdades e que desenvolvan unha cobertura social para atender estas novas circunstancias.

A perda de ocupación acaecida no último ano afecta a todos os niveis de formación, agás ás persoas con estudos superiores, que presentan unha medra de 11.700 empregos.

No último ano, Galicia é a Comunidade Autónoma española con maior perda de ocupación en termos absolutos. A perda de ocupación en Galicia dende o comezo da crise económica afectou a máis de 200 mil persoas, das que case o 75% son homes, como consecuencia, fundamentalmente, do maior impacto da crise nos sectores máis masculinizados, como son a construción e a industria. Dende o ano 2008, a poboación ocupada con nacionalidade estranxeira cae un 28,5% (15.300 ocupados menos), concentrándose a perda de emprego nos estranxeiros de fóra da UE.

Características e dinámica do mercado de traballo

Novamente no ano 2014, as **contratacións iniciais** asinadas, tanto indefinidas como temporais, medran sen distinción de sexo. Destaca o incremento do 26% dos contratos indefinidos, asinados tanto por mulleres como por homes, máis, o 79% dos novos

contratos indefinidos asinados por homes son a tempo completo, fronte ao 48,5% dos asinados por mulleres. Así mesmo, o 44% dos contratos indefinidos novos asinados por mulleres son a tempo parcial, fronte a só o 21,3% dos asinados por homes.

O 92,1% do total de contratos correspóndense con contratos de duración temporal. Os contratos por obra ou servizo e os eventuais segundo circunstancias da produción presentan unha medra do 8,4% e do 13%, respectivamente. O 60,2% dos contratos temporais teñen unha duración inferior a 6 meses, sendo o peso relativo dos contratos cunha duración entre quince días e un mes do 32,4% e os que presentan unha duración inferior aos 15 días, do 11,4%.

A diferenza do que acontece nos últimos anos, en 2014 increméntase a porcentaxe de asalariados con contrato temporal, de xeito que 23,5 de cada cen asalariados galegos son temporais. Por sexos, a evolución da contratación tende a reducir a fenda existente entre as taxas de temporalidade en ámbolos dous sexos. O incremento da taxa de temporalidade é dun punto porcentual no sector público e de seis décimas no sector privado. Ao longo do ano 2014 o número de persoas asalariadas con contrato temporal increméntase en 3.500 persoas no sector privado e en 2.800 no sector público. Por outra banda, os contratos indefinidos diminúen en 5.200 no sector privado e aumentan en 3.100 no sector público.

A redución de 8.400 persoas ocupadas no ano 2014 correspóndese con 5.400 persoas ocupadas menos en xornada a tempo completo e de 3.000 persoas ocupadas menos a tempo parcial. A poboación ocupada a tempo parcial en Galicia no ano 2014 sitúase en 142.200 persoas, un 2,1% menos que no ano anterior, e a poboación ocupada a tempo completo sitúase nas 855.800 persoas, un 0,6% menos que en 2013.

No ano 2014, en Galicia 14 de cada 100 ocupados tiñan un contrato a tempo parcial, fronte a 16 de media no conxunto do Estado. Esta porcentaxe agocha unha gran diferenza entre homes e mulleres: de media no último ano, 23 de cada 100 mulleres galegas estaban contratadas a tempo parcial, fronte a só 7 homes de cada 100.

A pesar da redución no último ano, dende o ano 2008 a taxa de temporalidade feminina aumenta en case catro puntos porcentuais, o dobre do incremento experimentado no caso dos homes.

Poboación parada

Por primeira vez dende o ano 2007, descende o volume de poboación parada e a taxa de desemprego en Galicia. No ano 2014 o desemprego estimado en Galicia acadou de media as 275.800 persoas, un 3,1% menos que no ano anterior, fronte ao 7,3% de descenso medio no conxunto do Estado.

O descenso no **paro estimado** no último ano favorece tanto a homes como a mulleres, aínda que a intensidade non é a mesma nos dous sexos nin nos distintos grupos de idade. O paro estimado no último ano diminuíu de xeito máis acusado no caso dos homes, cunha caída media do 5,2% en relación ao desemprego do ano anterior, fronte ao 0,7% de baixada no caso das mulleres. No que respecta aos distintos grupos de idade, cómpre salientar a medra, un ano máis, do paro entre as persoas maiores de 45 anos, con dous mil desempregados máis. No extremo contrario, descende o paro estimado entre as persoas entre 25 e 34 anos, con 7.600 desempregados menos.

En relación ao ano 2008, en Galicia no ano 2014, hai 162 mil persoas desempregadas máis, das que o 38% (61.000 persoas) teñen máis de 45 anos. O volume de desemprego, así como a baixa empregabili-



dade e a longa duración do paro nesta franxa de idade, fan especialmente preocupante o crecemento no ano 2014 dos desempregados maiores de 45 anos.

Das 162.000 persoas desempregadas máis que hai en Galicia no ano 2014, en relación ao ano 2008, case o 60% se corresponden con parados de longa duración. A crise económica multiplicou por 6,5 o número de parados que levan dous ou máis anos na procura de emprego, que eran 16.800 persoas no ano 2008 e que en 2014 ascenderon a 109.900 persoas. O 40% da poboación parada galega son parados de longa duración, un 9,6% máis que no ano anterior.

Nos últimos sete anos, a taxa de paro aumentou en trece puntos porcentuais (8,6% en 2008, 21,6% en 2014) e a taxa de paro dos menores de 25 anos fíxoo en 27,5 puntos (21% no ano 2008, 48,5% en 2014).

O CES considera moi preocupante a situación dos parados maiores de 45 anos e dos parados de longa duración, en moitos casos con cargas familiares, polo que insta aos poderes públicos a que adopten medidas que palíen a situación actual e que fomenten a reinserción laboral.

Tal como acontece co paro estimado pola EPA, o número de persoas **paradas rexistradas** nas oficinas de emprego de Galicia descende no ano 2014, por primeira vez dende o comezo da crise económica. O número de persoas paradas rexistradas en Galicia no ano 2014 foi de 257.000, 19.000 persoas menos que no ano anterior, o que supón un descenso do 6,9%, superior ao descenso medio estatal, que foi do 5,6%.

Os datos do Servizo Público de Emprego (SPE) indican que Galicia rexistra un descenso do paro rexistrado nas catro provincias e en todos os sectores de actividade,

destacando o descenso do 17% no paro rexistrado no sector da construción, do 9,1% na industria, do 4% nos servizos e do 2% na agricultura e pesca. Asemade, no último ano volve a descender o paro entre as persoas sen emprego anterior (1.522 persoas menos).

No ano 2014, o 60,8% dos parados rexistrados en Galicia buscan emprego no sector servizos (156.255 persoas), seguíndolle en importancia o sector da construción, con máis de 35 mil parados (13,8% do total). O número de persoas paradas rexistradas nas actividades industriais está tamén en torno ás 35 mil persoas, o 13,7% do total, e, finalmente, o sector primario, co 3,4% do paro rexistrado en Galicia, acolle a 8.800 persoas desempregadas.

Atendendo á súa evolución dende o ano 2009, o desemprego rexistrado medrou en todos os sectores e, en xeral, en todas as seccións de actividade (CNAE 2009), salientando a hostalaría, con 8.524 desempregados máis, e o comercio por xunto e ao retalho, con 8.474 parados rexistrados máis no ano 2014 en relación ao ano 2009.

Relacións laborais

No ano 2014 rexistráronse en Galicia 869 convenios (122 de sector e 774 de empresa), nove máis que no ano anterior. O número total de convenios asinados ascendeu a 144, e afectaron a case cincuenta mil traballadores e traballadoras, en torno a 200 mil menos que no ano anterior.

O incremento salarial medio pactado nos 159 convenios asinados ou revisados en 2014 foi do 0,52%, o máis baixo do que se ten rexistro, un incremento en todo caso superior ao IPC galego e estatal, que foi do -1%.

A xornada media pactada descende ata as 1.766,6 horas anuais e as horas pactadas

por traballador e mes foron de 152,8 no ano 2014, sendo Galicia a segunda Comunidade con máis horas, tras Madrid.

O número de expedientes de regulación de emprego autorizados en Galicia, tras os fortes incrementos de 2011 e 2012, descende no ano 2103 e continúa o descenso no ano 2014, onde o número de traballadores afectados polos ditos expedientes foi un 44% menos que no ano anterior. O total de traballadores afectados no último ano foi de 12.877, dos que o 69% (8.878 persoas) sufriron unha suspensión do emprego e 2.500 traballadores, unha redución de xornada.

Seguridade e saúde no traballo

A diminución da actividade económica, a perda de emprego asociada e o mantemento do emprego das persoas máis experimentadas está relacionado co descenso dos accidentes laborais. En Galicia constátouse este feito dende o ano 2008, pero no ano 2014 rómpese coa tendencia sinalada e os accidentes de traballo con baixa en xornada laboral incrementáanse un 3,8% en relación ao ano anterior.

A distribución do número de accidentes e a súa gravidade por sectores foi dispar. O sector servizos aumenta nun 5,9% o número de accidentes no último ano e, con 11.482 accidentes, acolle o 49,4% do total dos accidentes laborais en Galicia. O segundo sector en importancia é o industrial, con 6.381 accidentes, un 0,2% menos que no ano anterior.

Os accidentes mortais incrementáronse no ano 2014 en Galicia un 23%, consecuencia fundamentalmente dos cinco accidentes acaecidos no sector pesqueiro, que tiveron como consecuencia 20 persoas falecidas, 13 máis que no exercicio anterior.

O índice de incidencia descende en Galicia ata os 3.002 accidentes por cada cen mil

traballadores afiliados, cifra levemente inferior á media estatal, situándose como a sétima Comunidade co menor índice de incidencia.

En 2014 aumenta o número dos procesos iniciados de baixas laborais por continxencias comúns, cunha incidencia media de 14,27 baixas por cada 1.000 traballadores protexidos, incrementándose tamén a duración media dos mesmos, que se sitúa nos 58,48 días, sendo de 57,44 no ano anterior. A duración media en Galicia é moi superior á estimada no total estatal, que no último ano foi de 37,51 días.

O CES pon de manifesto a importancia de seguir insistindo na formación correcta e específica en prevención de riscos laborais á hora de desempeñar un traballo.

Políticas de formación para o emprego

Os problemas estruturais do desemprego evidencian a necesidade de deseñar políticas que favorezan a transición do desemprego ao emprego, en especial en aqueles colectivos máis afectados polo desemprego. Dentro das actuacións de fomento do emprego, destacan a formación profesional para o emprego e as políticas activas de promoción do emprego.

Ante os riscos de polarización e incremento das desigualdades laborais, o CES considera fundamental potenciar unha oferta educativa e formativa que favoreza o aproveitamento de novas oportunidades e dinamice o mercado de traballo.

No que atinxe á formación profesional para o emprego, no ano 2014 leváronse a cabo 1.050 cursos de formación, cun orzamento de 37 millóns dos euros. En relación ao ano anterior, no 2014 redúcese o número de ac-



cións formativas e o orzamento dedicado ás mesmas.

Dos ditos 1.050 cursos, 571 son accións dirixidas prioritariamente a persoas desempregadas e as outras 479, accións dirixidas prioritariamente a persoas ocupadas. Aos 571 cursos para persoas desempregadas, que contan con 31 millóns de euros de orzamento, asisten un total de 8.559 alumnos.

Dentro das políticas activas de promoción do emprego inclúense entre outros os incen-

tivos á contratación por conta allea, o fomento do autoemprego e os programas de inserción laboral das persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social.

No ano 2014 beneficiáronse dos programas de fomento da contratación por conta allea 3.177 persoas e 2.437 empresas. O número de traballadores beneficiados polas axudas ao autoemprego ascendeu a 3.076 e, finalmente, un total de 2.696 persoas con discapacidade ou en risco de exclusión beneficiáronse das axudas do programa de integración laboral no ano 2014. 

3.- Dinamismo do tecido produtivo

 O número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social ascende a 31 de decembro de 2014 a 80.300 empresas, un 0,2% máis que na mesma data do ano anterior (0,8% no conxunto do Estado), rachando así a tendencia descendente dos últimos anos. A nivel sectorial, o incremento do número de empresas rexístrase no sector servizos e no sector prima-

rio, descendendo no caso da industria e da construción.

No que atinxe ao número de traballadores integrados no réxime especial de traballadores autónomos, a 31 de decembro había 227.717 afiliados por conta propia, dos que 144.135 son autónomos non integrados en sociedades mercantís. Tras unha medra do

0,4%, sete décimas menos que en España, o seu peso relativo no total estatal descende ata o 7,4%.

O devandito incremento do 0,4% ven motivado pola medra experimentada no caso dos servizos e da construción, manténdose novamente a caída no sector primario e descendendo este ano na industria. Asemade, cómpre mencionar que ao igual que en 2013, rexístrase unha perda de traballadores autónomos no caso das persoas maiores de 55 anos (585 menos) así como nos titulares dun negocio cunha antigüidade igual ou superior a cinco anos, incrementando en 2.247 os titulares de negocios de menos de once meses. No último ano volve a descender o número de autónomos que cotiza por unha base superior á mínima (959 menos) e a aumentar o daqueles que cotizan pola base mínima, de xeito que estes últimos representan o 78,7% dos traballadores autónomos propiamente ditos (86,3% no conxunto do Estado).

No que ao dinamismo empresarial se refire, por primeira vez dende que comezou a crise redúcese o número de sociedades disoltas e o de empresas concursadas, se ben tamén descende por primeira vez nos últimos anos o número de sociedades creadas. Así, redúcese de xeito significativo o número de empresas mercantís disoltas por cada cen constituídas (índice de rotación) e se mantén practicamente estable o de sociedades constituídas por cada dez mil habitantes (taxa de creación de empresas).

O CES quiere chamar a atención sobre a importancia da creación de empresas, en calquera das súas formas xurídicas, como porta de entrada ao mercado laboral. É por iso que as políticas destinadas á eliminación de barreiras administrativas e á creación de estímulos para apoiar iniciativas viables como fonte de creación de riqueza e emprego son un eixo

fundamental no afianzamento do noso tecido empresarial.

O número de sociedades mercantís creadas en Galicia, tras catro anos de crecementos consecutivos, descende no ano 2014 ata as 4.266 sociedades, un 0,2% menos que no ano precedente, o que contrasta coa medra do 0,8% rexistrada en España. Pola contra, as sociedades que se disolven descenden en torno ao 21%, nove puntos superior á redución no conxunto do Estado, situándose en 1.528 empresas disoltas. En termos relativos, o índice de rotación acadou un valor lixeiramente inferior a 36 empresas disoltas por cada cen constituídas, case dez puntos menos que no ano anterior. A pesar desta evolución positiva, Galicia segue presentando valores moi superiores á media estatal.

O número de empresas inmersas en procedementos concursais descendeu no ano 2014 ata as 435, un 18,2% menos que no ano anterior, sendo esta caída do 30,1% en España. No que respecta ao seu tamaño, unha de cada catro empresas tiñan un ou dous traballadores, e en torno ao 18%, de tres a cinco traballadores. A nivel sectorial, o sector primario foi o único sector que presentou unha medra do número de empresas concursadas, rexistrándose o descenso máis acusado no caso da construción. Por ramas de actividade, cómpre mencionar que o comercio por xunto e a construción de edificios e promoción inmobiliaria son as que presentan o maior número de empresas en concurso de acredores, acollendo o 34% do total.

Estrutura produtiva

A actividade produtiva galega presenta en 2014 un crecemento interanual positivo do 0,4%, motivado polo comportamento do sector servizos e das ramas primarias (1,5% e 1,1%, respectivamente). Pola contra, a construción continúa co seu proceso de



axuste ao reducirse o seu VEB un 1,7%, mentres que o sector industrial, que no ano anterior fora o único que presentou unha taxa de variación interanual positiva favorecido polo bo comportamento das exportacións, contráese un 2,5%.

Nunha era de cambio tecnolóxico intenso e globalización económica, a industria manufactureira está sufrindo fortes presións competitivas tanto de países con altas taxas de I+D como de países de baixos custos laborais e medioambientais. A consecuente caída do VEB, superior ao 20% dende 2008, non só está xerando importantes prexuízos sobre o emprego directo industrial, senón que ademais está a exercer un efecto multiplicador negativo sobre o desenvolvemento dunha parte importante das actividades de servizos que forma parte da súa cadea de valor. O CES reclama unha maior atención para o sector industrial que frene a redución do seu peso relativo.

O valor engadido bruto (VEB) xerado polo sector servizos representa o 68,2% do VEB total xerado en Galicia, fronte ao 20% do sector industrial e enerxético, e o 6,9% e 4,9% da construción e do sector primario. En comparación co conxunto do Estado, a estrutura produtiva galega presenta un peso relativo inferior no caso dos servizos e maior tanto na industria como na construción e as ramas agrarias.

Ante o desigual comportamento dos sectores produtivos, o CES insiste na necesidade de impulsar políticas de fortalecemento da demanda interna a través do investimento, tanto público como privado, cunha utilización eficiente dos fondos públicos.

Considérase necesario consolidar unha estratexia de dinamización dos sectores tractores da economía galega

e que se acompañe das reformas e estímulos necesarios. Todo iso sen menoscabo de fomentar a creación de valor engadido noutros sectores emergentes de menor recorrido que requiren apoios específicos tales como un acceso a fontes de financiamento ou a mercados exteriores.

O devandito crecemento da economía galega non ten o seu reflexo no mercado laboral, que presenta unha redución do 0,3% no número de postos de traballo equivalente en xornada a tempo completo. No último ano tan só o sector servizos experimenta unha medra do emprego (1,2% en relación ao ano anterior), reducíndose un 10,1% no caso das ramas agraria e pesqueira, un 1,4% na industria e un 0,9% na construción.

Así mesmo prodúcese unha leve mellora do índice de confianza empresarial, que amosa a percepción subxectiva do empresariado sobre a evolución futura das súas actividades.

Sector primario e industrias relacionadas

O sector primario en Galicia debe ser considerado realmente como un sector estratéxico, tendo en conta no soamente a súa relevancia tanto dende un punto de vista económico, senón tamén dende un punto de vista social e medioambiental. O VEB a prezos básicos xerado en Galicia polas actividades do sector primario (sen considerar as actividades industriais) medrou un 1,1% en relación ao ano anterior, cando se rexistrara unha contracción do 0,6%. En termos de emprego, continúa o proceso de axuste no conxunto das actividades relacionadas coa agricultura, gandería, caza, silvicultura, pesca e acuicultura, acadando no último ano os 65.569 postos de traballo equivalente en xornada a tempo completo (7,2% da ocupación galega, tres puntos máis que en España), case 7.400 menos que en 2013.

No que atinxe ao **sector agrogandeiro**, Galicia segue presentando unha forte especialización gandeira-láctea, acollendo o 55,8% das explotacións españolas con dereito a cota e o 38,8% da produción total de leite do Estado español. Na última campaña antes da liberalización da cota leiteira, a produción de leite de vaca incrementouse en Galicia un 5,6% en relación ao ano anterior (135,9 mil toneladas máis), superando as 2.544,3 miles de toneladas. A pesar do incremento da produción de leite, Galicia segue a ser a Comunidade con menor rateo cota/explotación, moi inferior á rexistrada por Asturias, que sería a segunda con menor proporción.

O sector primario é esencial en Galicia pola súa importancia económica, social e cultural; ademais, é determinante nalgúns locais, tanto de interior como de costa, pola súa excesiva dependencia do mesmo.

O sector agrario actúa tamén como instrumento de fixación da poboación no sector rural. Por iso, cómpre desenvolver políticas que sitúen ó sector primario como un dos sectores estratéxicos e de futuro da economía galega.

No que se refire ao **sector pesqueiro**, no ano 2014 mellora a actividade pesqueira e marisqueira das distintas lonxas galegas, ascendendo a súa produción total a 187,1 miles de toneladas, un 14,5% máis que no ano 2013, e o seu valor a 431,8 millóns de euros, un 4,4% superior ao exercicio precedente. Ao igual que no ano anterior, os peixes segue sendo o grupo de especies máis importante tanto en volume de produción como no valor da mesma, ao representar o 91,9% da produción e o 77,7% do valor total en primeira venda.

O valor da **produción acuícola** en 2013 (último dato dispoñible) aumentou un 4,2% en relación ao ano anterior, ascen-

dendo ata os 171,3 millóns de euros. O 61% deste importe xérase pola venda na propia Comunidade Autónoma, seguido do valor xerado cos produtos dirixidos á UE, cun 20%. Esta actividade proporciona un total de 15.154 empregos (3.666 unidades de traballo anual), o que representa o 80,6% do total do emprego do sector a nivel estatal.

A importancia do sector agrogandeiro e a preponderancia do sector pesqueiro no conxunto do Estado segue sen ter un paralelismo no volume de axudas recibidas dos fondos europeos. Dunha banda, as axudas do FEAGA e FEADER en Galicia só acadan o 3% e 8,1% do total estatal, respectivamente. Doutra banda, Galicia acolle o 4,2% dos beneficiarios de dereitos de pago único en España, situándose o importe medio por beneficiario en 3.250 euros, lonxe dos 5.329 euros de media no conxunto do Estado. Asemade, Galicia certificou no período 2007-2013 o 37,4% do gasto público total do Fondo Europeo de Pesca.

No concernente ao **subsector silvicultura-madeira**, por segundo ano consecutivo medra a facturación conxunta da industria da madeira e do moble en Galicia, acadando os 1.744 millóns de euros, un 4,5% superior ao facturado en 2013. Este incremento ven motivado pola evolución da facturación da industria da primeira transformación da madeira (rematantes, serradoiros, taboleiro e pasta), que experimentou un incremento do 12,7% respecto ao ano anterior, a diferenza do acontecido no caso da industria da carpintería e moble, que continúa coa súa tendencia descendente (un 3% menos que en 2013).

No que atinxe ás exportacións de madeira e moble, Galicia sitúase por segundo ano consecutivo como a Comunidade Autónoma con maior volume de negocio, acollendo case a quinta parte das exportacións españolas, sendo esta porcentaxe do 35,5% no caso





dos produtos da madeira e do 8,2% no das exportacións de mobles.

Sector industrial

Se no ano 2013 o sector industrial (incluída a enerxía) foi o único que recuperou a senda de crecemento positivo, en 2014 amosou o peor comportamento, cunha contracción interanual do VEB xerado do 2,5%. Tras esta evolución, a súa importancia relativa no VEB a prezos de mercado da economía galega foi do 20%, dous puntos e medio superior á media española.

A devandita contracción da actividade industrial reflíctese tamén nunha caída do 4% do Índice de Producción Industrial (medra un 1,4% de media en España), que sitúa a Galicia como a Comunidade Autónoma con maior descenso. Todos os subsectores experimentaron un descenso en relación ao ano anterior, salientando a caída do 11% no caso dos bens de equipamento e do 7,8% no dos bens de consumo duradeiro.

O CES quiere poñer de manifesto a urxencia de implementar medidas concretas sobre os seguintes eixos:

- 1.- Impulsar un entorno administrativo flexible que estimule a instalación de novas empresas e o crecemento das pemes actuais.**
- 2.- Aumentar os niveis de investimento en investigación e innovación para xerar novo coñecemento en actividades con fortalezas previas e modernizar tecnoloxicamente a base industrial do país.**
- 3.- Vixiar os prezos enerxéticos, máis altos que a maioría dos nosos principais competidores, e que afectan directamente á estrutura de custos freando a súa competitividade.**
- 4.- Facilitar o acceso a insumos básicos, particularmente á man de obra cualificada e financiamento.**

Este comportamento do sector industrial tivo unha desigual repercusión no mercado laboral. Por un lado, medra o número de afiliacións na industria de alimentación ou na metalurxia en relación ao ano anterior. Doutro, as ramas de fabricación de vehículos de motor, de fabricación doutros produtos minerais non metálicos ou de confección de roupa de vestir experimentan unha caída no número de afiliacións.

No que atinxe ao **sector enerxético**, a produción de enerxía eléctrica dispoñible redúcese no último ano en Galicia un 5,1% como consecuencia da caída rexistrada polo diferentes métodos de produción, agás no caso da hidroeléctrica. A principal fonte de xeración de enerxía son as centrais termoeléctricas, que aportaron case o 42% da produción total de enerxía eléctrica dispoñible en Galicia (60% no conxunto do Estado), seguido pola produción de enerxía hidroeléctrica, co 30,2% (13,6% en España) e pola enerxía eólica, cun 27,2% (19,3%).

O consumo de produtos petrolíferos, medido en termos de toneladas métricas, continúa coa tendencia descendente de anos anteriores, presentando en Galicia unha diminución do 5,9% respecto ao ano anterior (0,6% no conxunto do Estado).

O **sector do automóbil** rexistrou no ano 2014 unha caída tanto da facturación das empresas do automóbil como do emprego. Segundo os datos do clúster da automoción, a facturación descendeu un 2,8% en relación ao ano anterior e o emprego directo o fixo nun 4% para situarse nos 18.150 empregos directos, a cifra máis baixa dende que comezou a crise económica. Asemade, as exportacións da automoción rexistraron no último ano unha caída do 5,1%, sendo este descenso case dous puntos superior á do conxunto das exportacións galegas.

En canto ao **sector naval**, no actual contexto de dificultades que atravesamos o sector,

en 2014 acrecéntase a perda de liderado do naval galego no conxunto do Estado en favor de Asturias e o País Vasco. No último ano os estaleiros galegos asinaron seis novos contratos, fronte aos once de Asturias e o País Vasco, e a súa carteira de pedidos ascende a nove buques, lonxe dos vinte rexistrados no País Vasco ou os dezanove en Asturias.

Sector da construción

A construción continúa rexistrando as taxas de variacións negativas iniciadas coa crise económica, contraéndose no último ano un 1,7%. Non obstante, a media que avanza o ano esta contracción vaise ralentizando, presentando no derradeiro trimestre do ano unha caída do 0,2%. A importancia relativa deste sector no valor engadido bruto xerado en Galicia é superior á rexistrada en España, situándose no 6,9% e 5,5%, respectivamente. O continuo descenso desta actividade produtiva ten a súa repercusión no mercado de traballo, que, tras o descenso experimentado no último ano, presenta case un 54% menos de emprego que antes da crise.

O valor da licitación pública en Galicia, tras o forte descenso rexistrado en 2013, presenta no último ano un crecemento do 35,8% por mor da evolución seguida pola licitación pública de obra civil, que aumenta un 53,3%, que compensa a lixeira caída da licitación en edificación (-0,7%). O devandito incremento da licitación pública rexístrase tanto no caso da Administración Xeral do Estado como da Administración Local (56% e 43,4%, respectivamente), descendendo un 12,2% no caso da Administración Autonómica.

No que atinxe ao mercado da vivenda en Galicia, en 2014 continúa o seu axuste ao rexistrarse un descenso do 26,5% no número total de vivendas rematadas e do 5% no da compravenda de vivendas. Asemade,

cómpre mencionar que por primeira vez dende o derradeiro trimestre de 2008, o índice xeral de prezos da vivenda presenta taxas de variación interanual positivas (segundo e cuarto trimestre de 2014). Paralelamente ao devandito descenso da actividade económica e da demanda residencial, continúa a forte redución nos visados de dirección de obra nova, que en 2014 foi de case un 15%.

O CES considera necesario apoiar a rexeneración do sector da construción a través da innovación, a recualificación da man de obra, a rehabilitación, a sostibilidade e a eficiencia enerxética.

Sector servizos

Tras dous anos seguidos con taxas de crecemento negativas, o valor engadido bruto xerado polo sector terciario presenta en 2014 unha medra interanual do 1,5%. En termos monetarios, o valor engadido bruto ascendeu a case 34 mil millóns de euros, o que representa o 68,2% do VEB galego, máis de seis puntos porcentuais inferior á media estatal (74,5%). A mellora da actividade tradúcese nun incremento do emprego do 1,2% segundo as contas económicas, rexistrándose este positivo comportamento nas actividades inmobiliarias (4%), no subsector da administración pública, sanidade e educación (3,3%) e nas actividades profesionais (2,4%).

O incremento do gasto dos fogares do 0,5% reflectido nas contas económicas trimestrais fai que en 2014 se rache a caída do volume de vendas do comercio minorista iniciada en 2008, ao manterse un nivel similar ao do ano anterior. Influenciado por esta evolución positiva, o número de afiliacións neste subsector permanece practicamente constante.

A **actividade comercial** en Galicia presenta un descenso número de establece-





mentos de comercio ao retallo, de xeito que a 31 de decembro de 2013 hai 38.031 establecementos, 712 menos que na mesma data do ano anterior (-1,8%). Ao longo dos últimos cinco anos, o número de locais de comercio ao retallo descendeu a un ritmo máis acusado en Galicia que no conxunto do Estado, sendo esta redución do 6,5% en Galicia fronte ao 5,4% de media en España.

No concernente ao **sector turístico**, os datos correspondentes ao ano 2014 confirman a mellora do sector en termos de número de viaxeiros e pernoitas nos establecementos hoteleiros así como no que se refire ao grao de ocupación. No último ano volve a medrar tanto o número de turistas estranxeiros como os de nacionalidade española, sendo esta medra superior á rexistrada no conxunto do Estado. A pesar do maior crecemento dos turistas españois, o 73,3% dos viaxeiros son de nacionalidade española, 22,4 puntos por riba da media estatal.

Respecto ás **actividades de transporte**, o incremento do volume de mercadorías transportadas prodúcese en case todos os medios de transporte, sendo o máis acusado en termos absolutos o de transporte por estrada, que acolle o 72,4% das mercadorías, por diante do transporte marítimo, que representa máis dun 23%. En termos relativos o ferrocarril foi o que experimentou o maior incremento, cun 10,5% en relación ao ano anterior, se ben o peso relativo do transporte de mercadorías é tan só do 1,6% do total.

Asemade, en relación á evolución do número de pasaxeiros no conxunto do sistema aeroportuario galego, cómpre mencionar que no ano 2014 ráchase a tendencia descendente dos últimos anos ao rexistrarse unha medra do 4,5% en relación ao ano anterior.

En canto ao **sector financeiro**, ao longo do último ano continuou o proceso de reestru-

turación e recapitalización do sistema bancario español. Neste contexto, en decembro de 2014 culminou o proceso de integración do Banco Etxeberría e Abanca, situándose a nova entidade resultante como o décimo banco español, cuns activos próximos a 57.000 millóns de euros. Ao mesmo tempo cabe destacar o novo descenso do valor total dos créditos concedidos polas entidades en Galicia, que se sitúa nos 44.911,7 millóns de euros, un 10,3% inferior ao rexistrado no ano 2013 (-3,1% en España).

O CES insiste na necesidade de eliminar os obstáculos que persisten no acceso ao financiamento e dotar de créditos tanto ás empresas como aos fogares.

Sector exterior

O sector exterior galego presenta en 2014 un deficiente comportamento en termos das contas económicas de Galicia, xa que, por primeira vez dende que comezou a crise económica, presenta unha achega negativa ao crecemento agregado do PIB. O valor total das vendas fóra de Galicia (resto das Comunidades Autónomas e ao estranxeiro) medrou no ano 2014 un 1,2%, case dez puntos e medio menos que no ano anterior, en tanto que as compras o fixeron nun 1,7% (9% en 2013).

O saldo negativo da balanza comercial aumenta de xeito significativo no último ano en Galicia, acadando os 1.310 millóns de euros. En 2014 a taxa de cobertura sitúase no 95,8% e o grado de apertura da economía galega (cociente da suma do valor das exportacións e importacións de bens e servizos entre o PIB) está próximo ao 60%. O devandito saldo negativo é consecuencia do déficit comercial co resto das Comunidades Autónomas, xa que o comercio con terceiros países rexistra un superávit de 3.331,8 millóns de euros, un 19,1% inferior ao do ano precedente.

O principal mercado de Galicia é o resto do Estado, que concentra en torno ao 40% das exportacións galegas e máis da metade das compras no exterior. O déficit comercial galego coas demais CC.AA. situaríase ao redor de 4.600 millóns de euros, cifra lixeiramente inferior á do ano anterior.

No concernente ao comercio con terceiros países, a diferenza do ano anterior a actividade comercial (suma de exportacións e importacións) galega contráese no último exercicio un 3,2%, por mor fundamentalmente da caída dun 5% das exportacións, que supera o descenso do 1% no caso das importacións. Así mesmo, segue caracterizándose pola súa elevada concentración xeográfica e sectorial.

As importacións galegas co resto do mundo acadaron os 14.494,5 millóns de euros, o 5,5% do valor total das importacións españolas. O sector do automóbil, tras o forte incremento do último ano, e os combustibles concentran o 42% das compras exteriores, seguidos polos alimentos, que representan o 16,7%. A Unión Europea é a principal zona de orixe das importacións ao concentrar case o 60% das compras, oitos puntos máis que no ano anterior, e dentro desta Francia, por mor do peso da automoción, sitúase en primeiro lugar, seguida de Portugal. Estes dous países concentran máis do 35% das compras galegas, sete puntos por riba do rexistrado no ano anterior.

No que atinxe ás exportacións galegas cara ao resto do mundo, o seu valor acadou no último ano os 17.825,3 millóns de euros, o que supón o 7,4% das exportacións españolas, seis décimas superior ao peso do ano precedente. Os sectores exportadores máis importantes son as manufacturas de consumo e o sector do automóbil, que acollen máis do 46% das vendas exteriores, seguidos polos alimentos, que supoñen o 12,8%.

O principal destino das exportacións galegas

é, ao igual que no caso das importacións, a Unión Europea, que concentra o 72,3% das vendas a terceiros países. Francia e Portugal sitúanse novamente como os principais destinos, ao acoller o 27,4% e 13,8%, respectivamente.

A elevada concentración do sector exterior galego en poucos sectores condiciona a evolución do valor total das exportacións e importacións. Dunha banda, se o valor total das importacións galegas se reduce un 1% respecto ao ano anterior, ao descontar o valor das compras a terceiros países correspondentes aos capítulos de vehículos e combustibles, que concentran o 42,7% do importe total, as importacións descenderían máis dun 4%. Doutra banda, se no caso das exportacións deducimos os dous principais capítulos arancelarios, a automoción e o de roupa e complementos de vestir (agás os de punto), que concentran o 40,4% do importe total, as exportacións descenderían un 6,8% en relación ao ano anterior (redúcese un 5% o valor total das vendas exteriores).

O CES reitera a necesidade de seguir desenvolvendo medidas de apoio á internacionalización da nosa economía, impulsando o esforzo que veñen realizando nos últimos anos os sectores e/ou empresas que teñen maiores dificultades para a procura de oportunidades noutros mercados.

Un último elemento a destacar é a base exportadora, é dicir, as empresas que teñen actividade co exterior. Por primeira vez dende o ano 2009 Galicia presenta un descenso do número de empresas, que se sitúa en 6.235, un 2,3% menos que no ano anterior. Esta caída ven motivada pola redución experimentada nos sectores de materias primas e do automóbil, que contrasta coa medra no sector da alimentación, e en especial, das empresas de produtos cárnicos. □



4.- Calidade de vida e benestar social

Saúde

A estrutura e a evolución demográfica dun territorio condiciona de xeito fundamental a evolución das súas necesidades de prestacións sanitarias. Así, canto máis elevados sexan os seus índices de envellecemento e sobreenvellecemento maior será o seu gasto sanitario per cápita, xa que este aumenta exponencialmente coa idade. En Galicia, o 23,6% da poboación a un de xaneiro de 2014 tiña 65 ou máis anos, cando no conxunto do Estado esta porcentaxe sitúase no 17,7%.

O CES insiste na súa preocupación polas consecuencias derivadas do maior envellecemento da poboación galega e considera que os servizos públicos deben atender con maior eficiencia as súas necesidades.

No que atinxe aos **indicadores de saúde**, a taxa bruta de mortalidade situouse en Galicia nas 1.105,4 defuncións por cada 100.000 habitantes, un 1% inferior á do ano

anterior, o que sitúa a Galicia como a segunda Comunidade Autónoma, tras Asturias, coa taxa máis alta debido á súa pirámide de poboación (837,9 defuncións de media no Estado). Este impacto da estrutura poboacional reflíctese claramente ao analizar as taxas estandarizadas de mortalidade, calculadas como se todas as CC.AA. tiveran a mesma composición por idades, que situarían a Galicia nunha situación intermedia, con 646 falecementos por cada 100.000 habitantes, por baixo da media estatal que é de 648,9 defuncións.

No ámbito da saúde materno-infantil, continúa descendendo a mortalidade infantil en Galicia ao acadar as 2,08 defuncións por cada mil nados vivos (2,71 en España), sendo este rateo tan só superior aos de Asturias (1,65 defuncións por cada mil persoas), Aragón (1,80) e Extremadura (2,03). Un segundo indicador é o da taxa de interrupción voluntaria do embarazo (IVE), que acada un valor de 6,78 interrupcións por cada mil mulleres entre 15 e 44 anos, o que a sitúa como unha das CC.AA. coa taxa máis

reducida, tan só superior á rexistrada en Ceuta e Melilla e igual que a de A Rioxa (11,74 en España). En 2013 (último dato dispoñible) rexistráronse un total de 3.443 IVE, das que a metade corresponde a mulleres cun nivel de instrución de bacharelato e ciclos de formación profesional, fronte ao 26,6% no Estado.

Á hora de analizar o **funcionamento do sistema sanitario**, un indicador especialmente relevante é o das listas de espera. A 31 de decembro de 2014 un total de 36.462 pacientes están na lista estrutural cirúrxica, descendendo o tempo de espera medio para ser operado ata os 80,4 días, catro menos que na mesma data do ano anterior. No caso das patoloxías máis graves (prioridade 1), o tempo medio de espera situouse nos 18,7 días, sendo o obxectivo un máximo de 30 días, cumpríndose do mesmo xeito o obxectivo establecido no caso das patoloxías de prioridade 2 (60 días) ao presentar un tempo de espera medio de 56,5 días.

O CES insta a garantir unha sanidade de calidade que faga fronte á presión asistencial existente en Galicia derivada da súa estrutura demográfica e territorial.

Finalmente, no que aos **indicadores de gasto** se refire, tras unha redución do 3,4%, a máis acusada do conxunto do Estado, o gasto sanitario situouse nos 3.302,2 millóns de euros, é dicir, 1.201,35 euros por habitante. No que respecta ao gasto farmacéutico, Galicia, xunto co País Vasco e a C. Valenciana foron as únicas CC.AA. que rexistraron un descenso do importe das facturas de receitas prescritas no ano 2014. Tras unha redución do 1,6%, o gasto farmacéutico en Galicia situouse nos 681,4 millóns de euros, o que a sitúa como a quinta Comunidade Autónoma co gasto máis elevado, tras Andalucía, Cataluña, Valencia e Madrid.

O gasto medio por receita reduciuse un

1,6% en relación ao ano anterior, acadando os 11,36 euros en Galicia fronte aos 10,78 euros do conxunto do Estado.

Pobreza e cohesión social

O punto de partida da análise debe ser o estudo da situación dos fogares galegos atendendo ás súas rendas e ingresos medios. Os datos da Enquisa de condicións de vida elaborada polo INE indican que Galicia rexistrou unha medra tanto da renda media por fogar, que se sitúa en 26.001 euros, un 0,2% máis que no ano anterior, como da renda media por persoa, que ascende a 10.106 euros, un 1,3% superior ao estimado en 2012.

A pesar desta lixeira mellora, cada vez unha maior porcentaxe de fogares galegos afirman ter dificultades ou moitas dificultades para cubrir os gastos mensuais. Destaca o fortísimo incremento do peso relativo de fogares con moitas dificultades para chegar a fin de mes, que se sitúa en 20,8% fronte aos 16,6% do ano anterior. A diferenza do que acontece en Galicia, no conxunto do Estado esta porcentaxe descende lixeiramente ata o 16,1%. Esta evolución do nivel de dificultade para chegar a fin de mes das familias galegas susténtase tamén no feito de que hai máis de 32.000 vivendas familiares que non dispoñen de ningún perceptor de ingresos, e que en 458.100 fogares só un membro percibía algún ingreso económico (salario, algún tipo de pensión ou prestacións por desemprego).

O CES entende que é necesaria a implantación de políticas ou medidas que aseguren que todas as persoas teñan as mesmas oportunidades e os recursos necesarios para participar plenamente na vida económica, social e política, e así evitar a exclusión social dunha parte da poboación.

Á hora de medir a pobreza e a exclusión so-



cial, a Estratexia 2020 define un indicador denominado AROPE (*At Risk Of Poverty and/or Exclusion*), que inclúe tanto as persoas que se atopan en risco de pobreza monetaria como os fogares con moi baixa intensidade de traballo e aqueles cunha privación material severa. No ano 2013, último dato dispoñible, o 23,8% da poboación galega atopábase nunha situación de risco de pobreza ou exclusión social, sendo esta porcentaxe máis de cinco puntos inferior á media estatal.

Ínstase aos poderes públicos a levar a cabo as medidas necesarias para erradicar a crecente problemática da pobreza infantil.

Ante o déficit de cobertura por desemprego existente e o forte risco de exclusión social das persoas desempregadas, o CES reclama o reforzamento das políticas de protección social, sen menoscabo das políticas activas de emprego para a mellora da empregabilidade.

O risco de pobreza ou exclusión social non é homoxénea nin xeográfica nin demograficamente. Dunha banda, a provincia de Pontevedra presenta a maior taxa de risco, cun 25,1%, e dentro desta, o sur da provincia é a zona de Galicia coa taxa de risco de pobreza ou exclusión social máis elevada, con case o 30%. Doutra banda, o perfil da poboación galega máis exposta á pobreza é un estranxeiro (61,6%) cunha idade comprendida entre os 16 e 24 anos (32,1%) ou entre 50 e 64 anos (26,6%). No que atinxe á tipoloxía do fogar, o 57,5% dos fogares compostos por un adulto con nenos a cargo está en situación de risco de pobreza ou exclusión social, sendo esta porcentaxe do 40,3% no caso dos fogares monoparentais.

O número de solicitudes para o recoñecemento da situación de dependencia rexistradas en Galicia volve a descender no último

ano, para situarse nas 81.101 a 31 de decembro de 2014, un 1,6% menos que na mesma data do ano anterior. O 68% das solicitudes ditaminadas corresponde a beneficiarios que teñen dereito a prestación (53.881 beneficiarios), o que sitúa a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma con maior porcentaxe de solicitudes favorables sobre ditaminadas (58,7% no Estado). O número de beneficiarios cunha situación de gran dependencia ascende a 23.302 persoas, o 43,2%.

O CES entende prioritario que se tomen todas as medidas necesarias para que todas as persoas que teñan recoñecido o dereito a unha prestación por estar nunha situación de dependencia accedan á mesma, eliminando así a lista de espera existente.

No que atinxe aos Programas Individuais de Atención (PIA), o número total de beneficiarios volve a aumentar no ano 2014 para situarse a 31 de decembro en 39.004. A pesar do devandito incremento, o número total de prestacións descende lixeiramente no último ano, situándose nas 41.938 prestacións, un 0,4% menos que no ano anterior, polo que o número total de prestacións por persoa beneficiaria é de 1,09 en Galicia, mentres que a media estatal é de 1,25 prestacións por beneficiario.

Demándase a creación de centros públicos para a atención a persoas con enfermidades mentais, dotando aos mesmos de prazas específicas para atención a menores, tanto para ingresos hospitalarios como para atención ambulatoria.

Outra das necesidades básicas das persoas en situación de dependencia é a existencia de centros de servizos sociais destinados a maiores. Segundo os datos publicados polo Imsero, existen importantes diferenzas entre Galicia e España nos distintos tipos de

servizos sociais que se utilizan, xa que mentres que na Comunidade Autónoma predomina o servizo de axuda a domicilio (SAD), que acolle ao 42,8% dos usuarios, no conxunto do Estado a teleasistencia acolle ao 55,9% dos usuarios. Atendendo á relación entre usuarios e a poboación maior de 65 anos, o índice de cobertura situouse en torno ao 8,5%, moi por baixo da media estatal que se situou en 21,2%. Cómpre mencionar que no caso da atención residencial, tanto para o conxunto do Estado como para Galicia, o índice de cobertura sitúase por baixo do 5% recomendado pola Organización Mundial da Saúde.

Cobertura social

O número total de beneficiarios dalgún tipo de prestación volve a descender en Galicia no ano 2014 para situarse en torno ás 920 mil persoas, o 34% da poboación galega. O número de pensións contributivas da Seguridade Social volve a medrar lixeiramente no último ano, para acadar as 746.000 pensións, un 0,9% máis que no ano anterior, acendendo o seu importe medio ata os 733,92 euros mensuais, 135,55 euros inferior ao rexistrado de media no conxunto do Estado. Este importe sitúa a Galicia como a segunda Comunidade Autónoma coa pensión contributiva máis reducida, tras Extremadura.

Atendendo aos diferentes tipos de prestacións contributivas, as pensión de xubilación son as que acollen ao maior número de beneficiarios, con 461.500 persoas, e o importe medio máis elevado, con 828,53 euros. Con todo, este importe é 173,06 euros inferior á media española, e mantén a Galicia como a Comunidade cun importe medio das pensións contributivas de xubilación máis reducido de todo o Estado español. Séguelle en importancia, no que ao número de beneficiarios se refire, as pensións contributivas de viuvez, con 186.600 beneficiarios, ascendendo o seu importe medio mensual a 526,93 euros, o máis re-

ducido do conxunto do Estado, con case 100 euros menos ao mes que a media española.

Dende o CES reclámase un maior compromiso para a sostibilidade e consolidación do sistema de pensións, baseado na solidariedade e a equidade.

No concernente ás pensións non contributivas, o número de beneficiarios descende en Galicia, a diferenza do acontecido en España. Tras unha caída do 1,8% respecto ao ano anterior, o número total de beneficiarios sitúase nos 43.146, manténdose como a cuarta Comunidade con máis pensións, por detrás de Andalucía, Cataluña e a C. Valenciana. O 62,4% do total de beneficiarios teñen unha pensión de xubilación e o restante 37,6%, de invalidez, situándose o importe medio mensual das pensións non contributivas en 354,46 euros para as pensións por xubilación e en 388,69 euros para as pensións por invalidez.

O número total de perceptores da prestación por desemprego descende un 13,8% respecto ao ano anterior, situándose nos 128.998 perceptores (-11,9% en España), rexistrándose esta caída tanto no número de perceptores de prestacións contributivas como de subsidios, fronte ao leve ascenso no número de beneficiarios da renda activa de inserción. O 45,6% dos beneficiarios da prestación por desemprego en Galicia no ano 2014 tiñan dereito ás prestacións de nivel asistencial, correspondendo un 44,3% a beneficiarios de prestacións de nivel contributivo e o 10,1% restante, á renda activa de inserción.

O CES quiere chamar a atención sobre o retraso na publicación de datos en ámbitos especialmente sensibles como poden ser os da Risga e as Axudas de emerxencia social, nun contexto tan difícil como o actual onde hai un número elevado de fogares en dificultades e de persoas que levan máis de 2 anos en situación de desemprego.



Medio ambiente e desenvolvemento sostible

O índice de emisións de CO₂ equivalente é un dos indicadores que permite observar o grado de cumprimento da Estratexia Europa 2020 no que ao obxectivo prioritario de acadar un crecemento europeo sostible se refire. Tras o repunte rexistrado en 2011, no ano 2012 o índice aumenta un 9,7% o que contrasta coa tendencia descendente do conxunto do Estado dende o ano 2007. As maiores emisións do último ano son consecuencia do crecemento das asociadas ás industrias do sector enerxético (13,2%), xa que descende nos procesos industriais, e en menor medida no sector en usos de disolventes e outros usos.

Paralelamente a este incremento, o gasto da industria galega en protección do medio ambiente descende en 2012, último dato dispoñible, ata os 161,7 millóns de euros, un 6,7% menos que no ano anterior. Fronte ao incremento dos gastos correntes destinados á protección medioambiental, o investimento diminúe un 25% en taxa anual, acadando os 50,1 millóns de euros.

O CES demanda o cumprimento das directrices eficientes que garantan a compatibilidade entre a necesaria dinamización e crecemento da actividade produtiva e o respecto á protección medioambiental e á calidade de vida como pilar fundamental do desenvolvemento económico de Galicia.

No que atinxe aos incendios forestais, os datos correspondentes ao ano 2014 destacan especialmente polo significativo descenso tanto o número de conatos (<1ha.) como de incendios forestais (-64,1% e -71,7%, respectivamente). A diferenza do acontecido no ano anterior, esta redución vai asociada a unha caída do 65,9% da superficie total queimada en relación aos datos de 2013. Entre as causas desta menor

superficie afectada cómpre destacar que se no ano 2013 sete dos dezasete grandes incendios forestais (500 ou máis hectáreas forestais) que se rexistraron en España tiveron lugar en Galicia, no ano 2014 a Comunidade Autónoma non sufriu ningún incendio desta magnitude.

Ocio e cultura

Con carácter xeral, o sector ocio cultura presenta un comportamento positivo atendendo á evolución do emprego en actividades culturais, que medran un 13,6%, oito punto máis que no conxunto do Estado, e ao incremento do gasto público total e por habitante. Debido ao gasto en "Libro e audiovisual", o gasto público medrou un 3,1%, mentres que o gasto por habitante medra, a diferenza do acontecido no Estado, ata os 35,10 euros, case oito euros máis por habitante que en España.

No que ao gasto privado se refire, a contracción do gasto dos fogares en Galicia fixo que o seu gasto en actividades culturais descendera un 12% e o seu gasto por habitante o fixera nun 11,5%. Dunha banda, o número de viaxes realizados que tiveron por motivo principal a cultura reduciuse case un 16%, o que conlevou que o gasto total neste tipo de viaxes descendera nun 1,5%. Asemade, no que á actividade cinematográfica se refire, a asistencia a salas de exhibición de cine experimentou unha forte redución, pasando dos case 4 millóns de 2009 ata os 3 millóns de 2013, o que se traduce nunha asistencia media por habitante de 1,1 veces, a segunda máis reducida, tras Estremadura e Castela-A Mancha. Do mesmo xeito, as artes escénicas sofren, con carácter xeral, unha caída da súa recadación e do número de espectadores, situándose o gasto medio por baixo da media estatal, especialmente acusado no caso do xénero lírico e as obras teatrais.

Fronte a estes datos negativos, cómpre

mentonar que a produción editorial racha a súa tendencia descendente dos últimos anos ao presentar un incremento do 22,8% (cae un 0,7% en España). Paralelamente, aumenta a produción editorial en galego en relación aos títulos publicados no ano anterior, acadando os 860 títulos, un 16,4% superior ao rexistrado que no ano precedente. Non obstante, a pesar deste importante crecemento, a produción editorial en galego do último ano sitúase como a segunda máis reducida dende 1999. 



5.- Recursos e capacidades para o desenvolvemento

■ A crise económica e os seus efectos sobre a calidade de vida, e, en concreto o efecto determinante do paro sobre as condicións de vida das familias, fan máis evidente se cabe a necesidade de proporcionar unha oferta ampla e efectiva de formación.

A relación inversa entre desemprego e formación segue patente a pesar do forte aumento do desemprego xuvenil, sendo esta unha franxa de poboación cada vez máis e mellor formada.

Por tanto, o crecemento económico e o benestar social deben asentarse nunha educación accesible e de calidade. Os dous obxectivos marcados no eido educativo coas medidas establecidas na Estratexia 2020 son, en primeiro lugar, que como mínimo o 40% da poboación entre 30 e 34 anos teña educación superior e, en segundo lugar, a redución ata o 10% do abandono educativo temperá.

O 44% da poboación galega no ano 2014 tiña estudos superiores, polo que o primeiro

dos obxectivos sinalados estaría conseguido. No que respecta ao abandono educativo temperá, no último ano en Galicia en torno a 18 de cada 100 mozos con idades entre 18 e 24 anos non remataron a segunda etapa da ESO e non seguen ningún tipo de estudo, porcentaxe que está lonxe do obxectivo a acadar no 2020.

Xunto ao devandito abandono educativo temperá, outro indicador da eficacia do sistema educativo galego é a taxa de idoneidade da poboación entre 10 e 15 anos. O 37% dos alumnos de 15 anos non están matriculados no cuarto curso da ESO que lle correspondería por idade, no curso 2012-13 (último dato dispoñible), polo tanto o 71,4% e o 63% dos alumnos de 14 e 15 anos, respectivamente, progresan axeitadamente durante a escolaridade obrigatoria, sendo Galicia a sexta Comunidade con maior porcentaxe nesta taxa.

Dende moitos puntos de vista, resulta fundamental que os menores rematen o ciclo mínimo de educación estable-

cido, para o que é necesario desenvolver medidas que poidan evitar os custos da repetición de curso en termos de abandono escolar sen caer na promoción automática dos rapaces. É desexable que existan diferentes velocidades dentro da mesma aula ou do mesmo curso, o cal require dunha reflexión pausada sobre os recursos humanos e tecnolóxicos que son necesarios.

No que respecta ás ensinanzas non universitarias de réxime xeral, ao longo dos últimos anos produciuse un crecemento continuo do alumnado nos centros públicos, acadando os 260.319 alumnos no curso 2014-15, fronte á estabilidade no número de profesores, segundo os datos provisionais proporcionados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. No período 2008-2014 en Galicia o número de alumnos de educación xeral non universitaria matriculados en centros públicos incrementouse en máis de 150 mil alumnos, mentres que o profesorado creceu en 325 persoas.

As reducidas taxas de reposición do profesorado existentes, como consecuencia das restricións orzamentarias derivadas da crise económica, afectan en especial a Comunidades como Galicia, que ten a idade media do profesorado entre as máis elevadas do Estado: case o 40% dos mestres e profesores de educación secundaria teñen máis de cincuenta anos, porcentaxes só superadas por Asturias e Canarias.

As ensinanzas de Formación Profesional veñen experimentando un forte impulso nos últimos anos. No curso 2013-2014 había en Galicia 46.647 alumnos matriculados, en torno a 3.500 alumnos máis que no curso anterior.

No que respecta aos denominados Programas de Cualificación Profesional Inicial

(PCPI) tiveron unha estimable aceptación en Galicia, pasando de 1.910 matriculados no curso 2007-2008, ata case 4.500 no curso 2013-2014. Os PCPI tiñan por finalidade a prevención do abandono escolar e serán substituídos pola Formación Profesional Básica a partir do curso 2014-15, integrándose na formación básica (ESO), xa que o alumnado poderá comezar estes estudos con 15 anos.

A educación universal debe ter como elementos de base a equidade, o fomento da igualdade de oportunidades e da conciliación familiar, para o que os programas de bolsas e axudas públicas concedidas polas diferentes administracións son esenciais.

En Galicia no curso 2013-14, o número de bolseiros incrementouse un 11,5%, beneficiándose máis de 200 mil persoas. Sete de cada dez bolseiros cursan ensinanzas obrigatorias, educación infantil ou especial, mentres que as ensinanzas post-obrigatorias non universitarias e as ensinanzas universitarias representan un 18% e un 12,4%, respectivamente.

O peso relativo do número de bolsas e axudas e do número de bolseiros galegos no total estatal incrementábase de xeito continuo dende o curso 2008-09, acadando respectivamente o 9,9% e o 8,3%. O peso relativo do importe medio das axudas concedidas en Galicia tamén se incrementa no último curso, acadando o 6,3%, co que iguala o peso do curso 2007-08.

No que respecta ás ensinanzas universitarias, un ano máis, no curso 2014-15 as tres Universidades galegas rexistran unha redución no número de alumnos matriculados. A taxa de escolarización universitaria en Galicia mantense por debaixo da media española, acadando no curso 2013-14 o 26%, fronte ao 29,4% do total de poboación de 18 a 24 anos que están



matriculada no 1º ou 2º ciclo e graos no conxunto do Estado.

O valor das nosas universidades está asociado á excelencia profesional do seu profesorado. Despois de catro anos de severas restricións á contratación e á promoción por mor da taxa de reposición en todo o sector público, a calidade da investigación e da docencia está sufrindo fortes presións que se prolongarán durante moitos anos. Nestas condicións, parece oportuno deseñar un programa de captación de talento cun estándar internacional.

Investigación e tecnoloxía

O gasto interno en I+D en Galicia, público e privado, volve a reducirse no ano 2013, último dispoñible, situándose en 468,7 millóns de euros, case un 4% inferior en relación ao ano anterior. Este descenso está motivado tanto pola caída do gasto en I+D das empresas, que se reduce un 4,2%, como do gasto público, que cae un 3,7%.

A devandita redución de recursos reflíctese nun menor esforzo investidor, de xeito que a porcentaxe de gasto sobre PIB acada o 0,86%, fronte ao 0,89% do ano anterior, sendo a porcentaxe do 1,24% no conxunto do Estado e do 2,02% na UE-28. A evolución desta rateo ao longo dos últimos anos sitúa a Galicia moi lonxe do obxectivo recollido na Estratexia Europea 2020, de aproximarse a un gasto interno en I+D sobre o 3% do PIB, e mesmo do obxectivo do Plan galego I2=C de acadar o 2% do PIB para 2015.

Un menor PIB per cápita correlaciónase cun menor esforzo investidor, de maneira que as Comunidades cun maior PIB per cápita (Madrid, País Vasco, Navarra e Cataluña) son as que presentan unha maior porcentaxe de gasto en I+D sobre o PIB total. En 2013 o gasto interno en I+D por habitante en Gali-

cia descendeu ata os 170,6 euros, case 6 euros menos que no ano anterior, o que o sitúa lonxe da media estatal (279,8 euros por habitante) e moi afastada das Comunidades que realizan un maior esforzo, como País Vasco ou Navarra (612,9 e 542 euros, respectivamente).

Ao igual que acontece no caso do gasto en I+D por habitante, o gasto en I+D por investigador redúcese no último ano un 3,1% a pesar da redución do número de investigadores. O gasto por investigador en Galicia sitúase en torno aos 86.850 euros, o que representa o 82,2% do gasto medio en España.

Outro obxectivo a acadar é incrementar o peso do gasto privado no total de gasto en I+D. No ano 2012, o 54% do gasto total en actividades de I+D corresponde ao gasto público e o restante 46%, a gasto privado, polo que o obxectivo do Plan I2=C de lograr que o 75% do gasto en I+D sexa privado no ano 2015 semella difícil. Por outra banda, a pauta é diferente a nivel estatal, cunha maior porcentaxe de gasto privado, que representa no ano 2013 o 53,1% do gasto total.

En paralelo ao devandito proceso de redución de recursos económicos, no ano 2013 continúa o axuste nos recursos humanos dispoñibles para investigación, reducíndose un 1,3% o persoal dedicado á I+D (2,6% no conxunto do Estado). O citado axuste prodúcese principalmente no sector público, que reduce o persoal nun 2,1%, sendo esta porcentaxe do 0,9% no caso do persoal investigador. En termos relativos, Galicia conta con 7,3 persoas en equivalencia a xornada completa por cada 1.000 activos, o que a sitúa como a décima Comunidade Autónoma con maior rateo e lonxe da media española, que é de 8,8 persoas por cada mil activos.

O investimento da Xunta de Galicia para

I+D+i, dentro do grupo de produción de bens públicos de carácter económico, ascende en 2014 ata os 118,4 millóns de euros, aprobándose nos orzamentos de 2015 un investimento de 120,1 millóns. Xunto a este investimento, cómpre mencionar o financiamento de proxectos a través do CDTI, que no ano 2014 comprometeu 19,7 millóns de euros para o financiamento directo de 42 proxectos de I+D en Galicia.

Co obxectivo de dispoñer dun sistema de innovación equilibrado, xunto ao financiamento proveniente do sector público é necesario ter en conta o peso do gasto en innovación por parte do tecido empresarial. En Galicia, o número de empresas con actividades innovadoras descende no ano 2013 ata as 984 (108 menos que no ano anterior), sendo a intensidade innovadora media do 2,8%, fronte ao 3,3% do ano anterior. Non obstante, Galicia sitúase como a segunda Comunidade Autónoma coa rateo gasto en actividades innovadoras/volume de cifra de negocios máis elevada, tras Castela e León.

En relación aos indicadores de alta tecnoloxía, o número de empresas manufactureiras

de alta e media tecnoloxía ascendía en Galicia no ano 2012 a 103, o 4,4% do total estatal. Estas empresas destinaron un total de 69,4 millóns de euros a actividades de I+D e empregaron a 1.027 traballadores en ditas actividades. As 140 empresas de servizos de alta tecnoloxía existentes en Galicia no ano 2012, realizaron un gasto de 61,6 millóns de euros e empregaron a 1.250 persoas nas citadas actividades de I+D.

O comercio exterior de alta tecnoloxía é un indicador importante para medir a competitividade internacional dun territorio. Neste senso, no ano 2013 Galicia incrementa o saldo positivo na balanza comercial deste tipo de produtos, consecuencia, fundamentalmente, da redución do 29% no valor das importacións de produtos de alta tecnoloxía.

Outro indicador importante do desenvolvemento tecnolóxico é o dinamismo rexistrado na propiedade industrial. No ano 2013 obsérvase un estancamento no número de solicitudes, debido sobre todo ao descenso no número de patentes, que pasan de 185 no ano 2012 a 164 no 2013. □